



Xosé Lois Rey Muñiz, provisto de D.N.I. nº 35451163K, actuando en representación da Delegación de Pontevedra da SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL (SGHN), con enderezo a efectos de notificación no apartado de Correos nº 303 de Vilagarcía de Arousa; CP 36600.

ALEGACIÓNS Ó PROXECTO DE RESTAURACIÓN DAS CONCESIÓNS DE EXPLOTACIÓN DE RECURSOS COVIÑA E MERCEDES, SITUADAS NOS CONCELLOS DE SALCEDA DE CASELAS E DE TUI (PONTEVEDRA) PUBLICADO EN BOE Nº 56. (Resolución do 19 de febreiro de 2018, da Xefatura Territorial de Pontevedra, se somete a información pública o proxecto de restauración das concesións de explotación de recursos da sección C) denominadas Coviña número 1160 e Mercedes número 608, situadas nos concellos de Salceda de Caselas e de Tui (Pontevedra) e solicitado por Sucesores de Severino Gómez, S.L. e por Cementos Ozores, S.L.)

ALEGACIÓNS:

1. Que a obra afectará a unha antiga Barreira sita no límite co LIC "Gándaras de Budiño". Tal barreira, como reconece o propio "Proxecto de restauración" cita "*La actividad extractiva en esta explotación conjunta se ha ido ralentizando hasta paralizarse en los últimos años. Debido a este hecho y al bajo volumen de reservas existentes en la mencionada concesión, se ha tomado la determinación de actualizar el Proyecto de Restauración de la misma a fin de iniciar los trabajos de restauración a corto plazo*", isto implicou a renaturalización da zona, tal como mostra a propia imaxe inicial do proxecto presentado á administración.
2. Todas as actuacións do proxecto afectarán ó hábitat existente e ós hábitats Natura 2000 do espazo de protección ZEC "Gándaras de Budiño", debido á conexión entre corpos de auga.
3. Risco de contaminación e inundación de hábitats no ZEC "Gándaras de Budiño" durante a fase de baleirado do burato. Non hai ningún plan para o uso e o destino da auga extraída.
4. Impacto sobre a calidade da auga superficial, pola contribución de sólidos suspendidos durante a fase de construción
5. Posible implicación por dispersión de contaminantes no auga e nos chans que apoiaron a minería e as actividades potencialmente contaminantes.
6. Eliminación da fauna e flora existente, incluídas as especies protexidas.
7. Eliminación da vexetación ribeirega e hábitat de interese comunitario EU91E0 (bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*).

REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE PONTEVEDRA
PONTEVEDRA

Data 04/05/2018 18:08:31

ENTRADA 47659 / RX 1212271

8. Dispersión de especies invasoras, entre outras *Cortaderia selleana*, *Robinia pseudoacacia* e *Fallopia japonica* presentes na zona.
9. Eliminación da colonia de anidación do avión zapador (*Riparia riparia*).
10. Falta de plan para a extracción de especies ameazadas e protexidas de flora e fauna acuática.
11. Probable presenza de sapoconcho europeo (*Emys orbicularis*) porque a zona está no límite de distribución do espazo de conservación da especie. No interior da concesión de explotación “Coviña” existe una zona clasificada como “Área de presenza” do sapoconcho común segundo o Decreto 70/2013, del 25 de Abril polo que se aproba o Plan de recuperación do sapoconcho común (*Emys orbicularis*) en Galicia. Aínda que o informe indica que non se afectará esta zona, existe o risco da súa presenza no resto da área obxecto de actuación.
12. Falla de medidas para reducir o perigo de accidentes por caída e captura de fauna terrestre protexida nas obras.
13. Falla de plan de control de idoneidade e contaminación dos áridos e materiais que se utilizarán para cubrir a lagoa mineira. Posible afección pola contaminación dos augas que verten por acuíferos subterráneos e superficiais ao río Louro e ao ZEC “Gándaras de Budiño”.
14. As augas pluviais da zona de recheo van á zona baixa, onde está o LIC Gándaras de Budiño e o río Louro. Existe risco de contaminación do LIC polos lixiviados dos materiais que se poidan empregar para recheo a antiga explotación mineira.
15. Na parte 5.3 Hidroloxía e Hidroxeoloxía do proxecto indica que “en las zonas explotadas se ha comprobado el escaso flujo de agua subterránea, no detectándose ningún caudal continuo de importancia.” Importante ou non a presenza dun caudal tributario do Louro/Miño implica a necesidade de contar cun preceptivo informe da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.
16. Na parte 5.7 Fauna, indica que na cuadrícula na que se localiza as concesións de explotación “Coviña” e “Mercedes” é 29TNG35, citando a continuación a presenza de *Oxygastra curtisii*: Especie clasificada a nivel mundial como Case ameazada (NT) (IUCN Red List 2006, a nivel de España considerada En perigo (EN) no Libro Rojo de los Invertebrados de España (Verdú y Galante, 2006) e incluída no Catálogo Nacional de Especies Amenazadas na categoría: Sensible a la alteración de su hábitat, publicada na Orde de 10 de marzo de 2000 do Ministerio de Medio Ambiente (BOE nº 72, de 24/03/2000).
17. Estas fallas no proxecto, vulneran entre outras diversa normativa ambiental, como a Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e a Biodiversidade e a Directiva 2004/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de abril de 2004, sobre responsabilidade medioambiental en relación coa prevención e reparación de danos medioambientais.



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Delegación de Pontevedra

Apartado de Correos nº 303 36600 VILAGARCÍA DE AROUSA

www.sghn.org

pontevedra@sghn.org

Por todo o anteriormente exposto, SOLICITO:

- Que se denegue o permiso de restauración solicitado ante os graves e irreversibles impactos ambientais e sobre a saúde da poboación. O proxecto é para consolidar solo industrial, non un proxecto de restauración no intre que transforma unha zona razoablemente naturalizada nun terreo industrial.
- Que se me teña coma interesado e afectado no expediente, así como se me notifiquen tódalas modificacións e incorporacións que nel se leven a cabo.
- Que se teña dado por presentado este escrito ante a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Consellería de Economía e Industria.

En Vilagarcía de Arousa, a 4 de maio de 2018.



Sdo.: Xose Lois Rey Muñiz

**CONSELLERÍA DE ECONOMIA E INDUSTRIA. DIRECCIÓN XERAL DE
INDUSTRIA, ENERXÍA E MINAS. PONTEVEDRA**